



FESTA DA FAMILIA 2024/25

FESTA DE COMEZO DE CURSO
SÁBADO 28 DE SETEMBRO

Queridas familias,

A FESTA DA FAMILIA ao comezo do curso convertímola na *festa para reencontrarnos* todos, un ano máis. Unha convivencia de alumnos-pais-profesores-relixiosas, para empezar o curso con máis ganas e bo humor, para coñecerse os que empezan novos e para voltar cos amigos que non vimos durante o verán...

Un ano máis gustaríanos contar con todas as familias do Colexio para que **participen, se divirtan e, disfrutemos dun día todos xuntos.**

Programación:

Inicio ás 11,30 con **competicións deportivas** (baloncesto e fútbol sala), coordinado polo Departamento de Actividades Deportivas do Centro. Haberá partidos contra pais e profesores. APUNTÁDEVOS, que a risa está asegurada!

Este ano contaremos con PUZZLE ANIMACIÓN para animar toda a xornada. Así que contamos con todos. Poderemos bailar, cantar, xogar, e ata montar en touro mecánico...ademais tamén contaremos con inchables dende as 12 da mañá ata que finalice a festa!!!

Teremos un **rincón para os xogos de mesa**: xadrez, parchís... todos eses xogos que nos entreteñen a pais e fillos e temosás veces esquecidos.

Comida todos xuntos no Colexio. A ANPA organizará unha comida para todos con empanadas, lacón, fiambres, pizzas etc...e unido á aportación voluntaria dos participantes, podemos pasar un boxantar entre todos.

Se alguna familia quere participar aportando algunhas viandas, son todas benvidas.

Para axudar a decidir, facémoslles indicación do que se pode aportar para así que teñamos de todo: friame, queixo, empanadas, chourizos, tortillas, e tamén algún doce , biscoito, rosquillas ,etc (outros anos algunhas personas xuntábanse para aportar algunhas destas comidas e así que saíra beneficioso para todos).

COLABOREMOS TOD@S. AGÁRDANOS UN DÍA DA FAMILIA ESPECIAL E INESQUECIBLE PARA NÓS E @S NOS@S FILL@S

Está previsto finalizar a xornada sobre as 6 **da tarde**.

Para programar o mellor posible a comida, **agradeceríamos que nos avisaran con que estarían interesados en aportar**, chamándonos o mandando un whatshap directamente a ANPA: Clara (649 007 702), Patricia (626 473 638),

Moitas grazas

**Esperamos velos a todos nesta gran
festa da familia**